

O PALEOLÍTICO

- ▶ Como xa vimos anteriormente, a prehistoria é a etapa máis extensa do pasado.
- ▶ Abarca tres periodos: PALEOLÍTICO, NEOLÍTICO e IDADE DOS METAIS.

O PALEOLÍTICO

- O Paleolítico transcorre dende a aparición dos seres humanos, hai cinco millóns de anos ata **a aparición da agricultura e gandería**.
- Eran nómadas, isto é, vivían ao aire libre, en covas ou en chozas e ían dun lugar a outro en procura de alimento.
- O termo paleolítico significa “pedra antiga”, fai referencia a como fabricaban as armas para a caza, a base de labrar a pedra.
- A xente vivía da caza, pesca e recolección de froitos silvestres pois non coñecían a agricultura, de aí que se asentaran sempre preto dos ríos ou lagos, pois aí iban os animais a beber e así cazábanos para comer e facer prendas de abrigo. Cando se esgotaban os recursos da zona ían a outro lugar.

MÁIS DO PALEOLÍTICO...

A VIDA DO PALEOLÍTICO

- ▶ Os homes e mulleres vivían agrupados en pequenos grupos chamados tribos.
- ▶ A vida era dura e moitos morrían de frío ou mancados polos animais salvaxes ao ir de caza ou por ataques.
- ▶ A tribo, repartía as tarefas: uns cazaban, outros recolectaban froitos salvaxes, outros fabricaban ferramentas de caza con osos de animais ou pedra labrada...
- ▶ Normalmente coa pedra fabricaban coitelos ou as puntas das frechas para cazar e cos ósos fabricaban arpóns para pescar anguías.
- ▶ Un descubrimento moi importante nesta era foi o LUME, o que lles permitiría defenderse dos animais salvaxes.